

Serramoura

EPISODIO 89

"Nas mans do destino"

DIÁLOGOS

Jacobo Díaz, Lidia Fraga

ARGUMENTO

Alberto Guntín, Lidia Fraga, Jacobo Díaz

EDICIÓN DE GUIÓN

Alberto Guntín

VOZ AUDIOVISUAL

Versión de traballo

02-02-2017

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Sobre a pantalla en negro escoitamos a voz en off de Rivas (fragmento da secuencia 89.72A).

(OFF RIVAS) Falar de min mesma nunca foi o meu forte.
Pero vouno intentar...

Corta a:

89.01. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS

Rivas abre os ollos. Ó principio, non pode enfocar ben a vista. Vemos o mesmo ca ela: pedras, escuridade... E unha luz vermella.

A medida que a vista de Rivas se acostuma á falta de luz, descobre que se trata do piloto dunha cámara que está a filmala.

Rivas incorpórase, atordada. Está esposada a unha gran cadea de ferro enganchada á parede. Tira dela, decatándose de que ten un raio de movementos limitado. Axiña desiste. Repara en que no outro extremo da cova hai un ordenador portátil aceso. Na pantalla, un cronómetro marca unha conta atrás: quedan 10 minutos.

RIVAS (agoniada) Ei... ¿Ola? ¡Ei!

89.02. LUGAR POR DETERMINAR¹. INT. DÍA (DÍA 1º)

ANTÍA, (RIVAS OFF)

Un ordenador portátil. Na pantalla vemos e escoitamos a Rivas (trátase da imaxe da cámara da secuencia anterior).

RIVAS(OFF) ¿Hai alguén aí?

Unha man de muller apaga o ordenador. É Antía. Colle un pintalabios e comeza a maquillarse, empregando a pantalla apagada como espello.

Ó rematar, sorrí confiada. Faino mirando a unha parede que está chea de fotografías de Diego e de recortes de prensa. Quedamos cunha das imaxes de Diego; unha foto recente.

¹ Las Vegas é unha boa opción.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.03. CUARTEL/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, TOMÁS

Diego, con mala cara, escoita o que lle di Tomás. Conversa iniciada.

TOMÁS Disparaches porque a vida dun civil estaba en perigo. Pero quero que léa-lo informe.

Tomás achégalle o informe, pero Diego non lle presta interese.

TOMÁS Redactouno Marga, se hai algo co que non esteas conforme...

Diego devólvello sen lelo.

DIEGO Francamente, a burocracia é no último no que penso agora mesmo.

Pausa.

DIEGO Se non chego a disparar, Santos podería estar morto, pero Rivas xa estaría libre.

TOMÁS Diego, non podes cambia-lo que aconteceu. Só aceptalo, e loitar pra que non te amargue.

DIEGO *(nada convencido)* Vouno intentar...

TOMÁS Non me déa-la razón só pra facerme calar. Fasme sentir vello.

DIEGO *(resignado)* ¿Entón que queres que diga?

TOMÁS Que tes fe. Que non vas tira-la toalla.

Diego cala un anaco, sopesando as palabras de Tomás.

DIEGO *(máis convencido)* Iso nunca. Polo menos ata que atopemos a Rivas.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.04. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, MARGA, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS CIVÍS)

En continuidade, Diego sae do despacho. Encóntrase con Marga, que está a falar cun par de gardas. Cruza con ela unha mirada fría. Vai ó seu.

DIEGO (Pra todos) Escoitade.

Os presentes préstanlle atención.

DIEGO Temos que investigar a tódolos que tivesen algunha relación con Estevo Pousada: familia, amigos... Temos que falar con eles. Buscamos un posible cómplice que sabe onde está Rivas. Hai que solicitar unha orde pra rexistra-lo seu domicilio e...

MARGA (interrompe) Diego, todo iso xa está en marcha.

DIEGO (descolocado) Ben. Moi ben.

Chega Quique, apurado. Trae con el uns informes.

QUIQUE Témo-la listaxe das chamadas do móbil de Estevo Pousada.

MARGA ¿Algo sospeitoso?

QUIQUE Estámolas comprobando unha por unha, pero a última é a máis interesante.

Diego e Marga miran o informe. Os dous alucinan, pero el máis ca ela. Parece incómodo.

89.05. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

ANTÍA, RIVAS

89.06. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, MARGA, FIGURACIÓN (GARDAS)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Na Cova, vemos que na pantalla do ordenador a conta atrás segue en marcha, faltan poucos segundos pra que remate.

Rivas, agoniada, intenta zafarse das cadeas, aínda que sabe que é inútil. Volve mirar ó ordenador.

A conta chega ó final. Rivas pecha os ollos, por instinto, agardando o peor. Pero non acontece nada. Nese momento escoitamos unha risa.

Rivas ve a Antía, que acaba de entrar. Leva unha pistola.

ANTÍA ¿Non pensarías que ía ser tan fácil?

Rivas alucina ó vela, ó entender que ela é quen está detrás dos asasinatos do carmín.

ANTÍA Igual non che gustou o numerío, pero non puiden resistirme. Como parece unha tipa tan dura...

Rivas cala, asimilando a situación.

ANTÍA Case podo escoita-lo teu cerebro en funcionamento. ¿Estás atando cabos?

RIVAS Zorra, filla de...

ANTÍA E agora remataches de atalos.

RIVAS Así que eras ti a que estaba detrás de todos eses asasinatos.

ANTÍA Bingo.

RIVAS Foi Estevo quen me atacou. Traballa contigo.

ANTÍA Máis ben "traballaba".

RIVAS ¿Está morto?

ANTÍA Caído en acto de servizo.

RIVAS Sempre pensei que ese rapaz era medio idiota.

ANTÍA Era a outra metade a que me interesaba. Pensei que tiña un lado escuro prometedor, pero resultou unha decepción.

RIVAS E como es unha xefa esixente desfixécheste del.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

ANTÍA Fixérono por min.

RIVAS *(sorrí)* Ese é o teu estilo, ¿non?

ANTÍA Son unha muller moi ocupada.

RIVAS Es unha covarde. Unha rata que se esconde mentres outros manchan as mans por ti.

ANTÍA *(apuntádoa)* Equivócaste. Só reservo pra min os casos "especiais".

Nese momento, soa o teléfono de Antía. Mira quen chama e amósalle a pantalla do teléfono a Rivas, fodona.

ANTÍA Do cuartel.

RIVAS Van remover ceo e terra pra dar comigo.

ANTÍA Niso están. Aínda que os teño bastante entretidos. ¿Impórtache que conteste?

RIVAS Se queres fágoo eu.

ANTÍA *(sorrí falsa)* Bo intento.

Antía golpea a Rivas coa pistola. Esta cae ó chan, inconsciente. Antía responde.

ANTÍA ¿Si?

No Cuartel, Diego fala desde o teléfono da súa mesa.

DIEGO Son eu. ¿Tes un momento?

ANTÍA ¿Pasou algo? ¿Atopastes a Rivas?

DIEGO Aínda non. ¿Importaríache pasar por aquí?

ANTÍA ¿Ten que ser agora? Teño algo entre mans. Pero se é urxente...

DIEGO Xa sei que te estamos mareando, pero si, ata que Rivas apareza, todo é urxente.

ANTÍA Irei o antes posible.

DIEGO Moitas grazas.

Na Cova, Antía colga e anícase a carón de Rivas.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

ANTÍA Que mágoa. Imos ter que deixa-lo noso pra máis tarde.

Antes de marchar, dálle un bico nos beizos a Rivas, que segue inconsciente.

CABECEIRA**89.07. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)**

SANTOS, FIGURACIÓN (HOME 1, HOME 2, 2 GARDAS)

Santos está a falar cos dous homes ós que lles encargara a vixilancia do cuartel. Toman unhas cervexas. Santos amósalles a foto de Antía, que ten no seu móbil.

SANTOS Antía Rei, avogada. O seu cliente secuestrou a Rivas. Pero xa non pode dicir nada grazas ó imbécil do sarxento Bazán.

HOME 1 Por aí din que che salvou a vida.

SANTOS *(trállao coa mirada)* ¿Está boa a cervexa?

HOME 1 Si.

SANTOS Pois bebe e cala se non queres que cha estampe na cabeza.

O tipo bebe, acolloado.

SANTOS Antía ten que saber máis do que conta. Quero que a sigades. Que me informes de onde vai, con quen fala, do que come. Se tira unha bolsa ó lixo, traédesma. ¿Entendido?

HOME 2 *(asente)* ¿E onde a buscamos?

SANTOS Seica alugou un cuarto aquí mesmo. Empezade por aí. Ou seguides ó picoleto, disque se levan ben.

HOME 2 *(sorrí)* A tipa ten un foguete.

SANTOS Non vos fiedes da súa cara bonita. É lista, sede discretos.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Os dous tipos asentén.

HOME 1 ¿E eles?

O tipo sinala un par de gardas que están a vixíalos desde a barra da taberna.

SANTOS Eles son cousa miña.

Santos érguese e vai cara ós gardas, anoxado. Mentres, os dous homes marchan.

SANTOS Ben se ve que vos sobra o tempo. ¿E logo apareceu Rivas ou que?

Os gardas calan, contemporizando.

SANTOS ¿Ai, non? ¿E sabedes por que? Porque o sarxento Callahan é dos que disparan antes de preguntar. Cando faledes con el, dicídelle que temos contas pendentes, xa sabe onde atoparme.

89.08. CUARTEL/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, MARGA, TOMÁS, QUIQUE

Diego e Marga entran no despacho. Tomás achégalles uns documentos.

TOMÁS Os do laboratorio atoparon restos de ADN de Rivas nas luvas de Estevo.

MARGA Iso só confirma o que xa sabíamos.

DIEGO Que Estevo era o secuestrador.

TOMÁS ¿Algunha novidade do operativo de busca?

DIEGO Nin rastro da furgoneta.

TOMÁS Pasaron sete horas, non creo que esa pista sirva de moito.

MARGA Tiveron que trasladala a algunha parte.

DIEGO E probablemente estea cerca. Estevo seguía en Serramoura.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

TOMÁS Se Estevo estaba cerca, os seus cómplices tamén. ¿Sabemos algo máis sobre el?

MARGA Os seus pais non saben nada, ultimamente perderan o contacto co seu fillo.

DIEGO Estamos interrogando as súas amizades. Vai levar tempo.

MARGA ¿Que hai de Antía? O móbil de Estevo confirma que foi a última persoa coa que falou.

DIEGO Irrelevante, diría eu. É normal que falasen.

MARGA (*con tacto*) Ocultounos información, se cadra sabe máis do que supoñemos.

DIEGO Vai ser unha perda de tempo.

Marga cala, conténdose ante Diego. Interrompe Quique.

QUIQUE Desculpen. Antía Rei acaba de chegar.

TOMÁS Grazas. Falade con ela, que vos aclare o contido desa chamada. E preguntádelle sobre as relacións de Estevo.

MARGA (*a Diego*) ¿Sabe algo da súa morte?

DIEGO (*incómodo*) Eu non lle dixen nada.

MARGA Mellor, quero ver como reacciona.

Corta a:

89.09. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, MARGA, ANTÍA

Conversa iniciada. Antía parece afectada.

ANTÍA Foi culpa miña. Seguiría vivo se non chego a dicirlle a Santos onde estaba.

DIEGO ¿Que outra cousa ías facer? Atacoute.

ANTÍA Entregueillo. Puxen a súa vida en perigo e tamén a túa. Nunca mo perdoarei.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Diego móstrase compasivo. Marga parece farta de Antía.

MARGA Chamaches a Estevo ás 16:02. ¿Por que?

ANTÍA Pra advertilo de que Santos ía por el.

DIEGO ¿E como reaccionou?

ANTÍA Non moi ben. Púxose violento, e empezou a berrar e a insultar.

MARGA Non parecía un rapaz especialmente violento.

ANTÍA Penso que ningún de nós sabía realmente como era Estevo.

Pausa. Mira a Marga.

ANTÍA Pero está claro que era mala persoa.

MARGA E está claro que sabes do que falas...

ANTÍA *(Non lle entra ó trapo a Marga. Convincente)*
As malas persoas son xente que mente, a si mesmos e ós demais. A vida de Estevo estaba chea de mentiras e de sombras.

MARGA ¿De que máis falastes?

ANTÍA Pregunteille se sabía algo do secuestro. Díxenlle que se estaba implicado debía entregarse.

MARGA ¿E que respondeu?

ANTÍA Mandoume á merda.

MARGA ¿E despois?

ANTÍA Basicamente iso. Eu tamén estaba alterada, non lembro as palabras exactas.

DIEGO A chamada durou apenas un minuto.

Marga tralla a Diego coa mirada. Acosa a Antía.

MARGA ¿Por que cres que Estevo secuestrou a tenente Rivas?

ANTÍA Non o sei.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MARGA Terás unha opinión.

ANTÍA Non son parva, eu tamén me decatei do seu ritmo de vida. Manexaba cartos e non podían proceder do picadeiro.

DIEGO ¿Cres que seguía traficando?

ANTÍA Talvez.

DIEGO ¿Víchelo con drogas? ¿Consumía?

ANTÍA Pode ser. Se cadra era iso o que estaba investigando Rivas.

DIEGO Non nos consta.

ANTÍA Polo que entendín cando falei con ela, tratábase dunha investigación extraoficial.

MARGA ¿Que tal se falamos do que nos ocupa? ¿Por que non nos dixeches que estaba no picadeiro?

ANTÍA Comprometería a relación co meu cliente.

MARGA Fuches moi profesional. Pero a túa decisión acabou prexudicándoo.

ANTÍA (*tocada*) Son consciente. E tamén de que terei que cargar coa súa morte toda a vida.

DIEGO Se alguén ten que cargar con iso, son eu.

Nese momento, comeza a chegar rebumbio da zona común. Cruzan unha mirada. Diego asente. Marga érguese pra ver que pasa fóra. Marga sae. Diego e Antía falan con intimidade.

DIEGO Desculpa a Marga, ela... (*pénsao*) Que a tenente Rivas estea secuestrada... Estamos todos bastante nerviosos.

ANTÍA A investigación non marcha ben, ¿non?

Diego non responde. Non fai falla.

ANTÍA ¿E ti? ¿Como estás?

DIEGO Agora non podo permitirme o luxo de pensar en min.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Antía dálle a man a Diego, cariñosa. Interrómpeos Marga.

MARGA Diego. É importante.

Diego sae. Antía queda soa na sala. A súa expresión cambia: todo vai segundo o que preveu.

89.10A. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, DIEGO, TOMÁS, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS)

Por continuidade, Diego sae da sala.

DIEGO (Seco) ¿E agora que pasa?

MARGA Acaban de chamar do SITEL. Alguén activou o móbil de Rivas.

A información colle por sorpresa a Diego, que esquece o seu enfado.

DIEGO ¿Onde?

TOMÁS (A carón de Quique) Estamos intentando localiza-lo sinal.

Diego e Marga van cara á mesa de Quique.

DIEGO (Impaciente) ¿Tes algo?

QUIQUE Un minuto. O SITEL estanos mandando a información.

Na pantalla do ordenador aparece sinalado un punto nun mapa.

QUIQUE Témolos. O teléfono está nunha área dun quilómetro e medio neste punto.

MARGA O monte de San Miguel.

QUIQUE O sinal é moi débil, podería desaparecer en calquera momento. Pero non hai dúbida...

As palabras de Quique seguen en off na seguinte secuencia.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.11A. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

HUGO, (QUIQUE OFF)

Un home, ó que non lle vemos a cara, camiña polo monte. Nas súas mans, protexidas por luvas, leva o teléfono móbil de Rivas.

QUIQUE(OFF) O teléfono de Rivas está nese monte. E posiblemente ela, ou a persoa que a retén.

89.10B. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, DIEGO, TOMÁS, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS)

Retomamos a situación no cuartel.

TOMÁS É pouco probable que fose Rivas quen activou o móbil.

DIEGO E menos aínda que, como suxiren algúns, Antía estea vinculada ó secuestro. (*Sinala a sala de interrogatorios*) Está aí dentro.

Marga baixa a cabeza. Non ten argumentos contra o que di Diego. E no caso de telos, prefire calar. Tomás contemporiza.

TOMÁS Toca pensar que o acendeu alguén relacionado co secuestro.

DIEGO ¿O cómplice?

MARGA Comprobémolo.

Tomás e Marga míranse, caendo na conta.

TOMÁS Enrique, chama ó número de Rivas.

QUIQUE (*Ó teléfono*) Niso estaba, meu tenente.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.11. TRANSICIÓN MONTE. EXT. DÍA

O monte está en silencio. De súpeto, un teléfono móbil empeza a soar.

89.11B. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

HUGO

O home misterioso ten o móbil de Rivas na man. Detense un momento a mirar a pantalla, na que se le: "Cuartel de Serramoura".

O home deixa que o móbil soe e segue camiñando, facendo caso omiso á chamada. Reparámos nos seus pés: leva botas de monte, e deixa unha pegada na lama².

89.12. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, MARGA, DIEGO, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS)

Retomamos a situación no cuartel. Quique continúa ó teléfono.

QUIQUE Non contesta.

DIEGO Ten que estar implicado...

TOMÁS Xa veremos. Sígueme intentando, Enrique.

QUIQUE Si, meu tenente.

Tomás diríxese ós seus homes.

TOMÁS Quero a todo o mundo no monte de San Miguel. Establecedes controis de entrada e de saída.

Os gardas pónense en movemento. As palabras de Tomás seguen en off sobre a seguinte secuencia.

² A pisada na lama vai ser importante no episodio 90.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.11C. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

HUGO, (TOMÁS OFF)

O home misterioso segue camiñando polo monte.

TOMÁS(OFF) Se ese tipo está no monte, imos dar con el.
Vai ter moito que explicar.

Coincidindo coas palabras de Tomás, o home xírase. Por vez primeira vémoslle a cara: trátase de Hugo.

Busca un penedo o bastante grande e esnaquiza o móbil de Rivas contra el. Remátao dándolle varias pisadas, asegurándose de que queda inutilizado.

AS DÚAS SECUENCIAS SEGUINTE VAN EN PARALELO**89.13. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)**

TOMÁS, MARGA, DIEGO, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS CIVÍS)

89.14. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

ANTÍA, (DIEGO OFF)

Na Zona Común, retomamos a situación anterior: os gardas están saíndo pola porta e Marga e Diego falan con Tomás.

DIEGO Vou con eles.

TOMÁS Quieto aí, Diego. Necesítote aquí.

DIEGO Non poden cubrir ese monte sós. Precísanse tódolos homes dispoñibles.

MARGA Nin aínda que estivese a 15 Zona enteira en Serramoura poderíamos cubri-lo monte.

No ordenador de Quique, o sinal do teléfono desaparece de pronto.

QUIQUE (Alarmado) ¡O sinal acaba de desaparecer!

DIEGO ¡Merda!

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Volven ás présas onda o ordenador.

MARGA ¿Non se pode volver a triangular?

QUIQUE Estouno intentando...

DIEGO *(Nervioso)* ¿Pois deixa de intentalo e faino!

TOMÁS Tranquilízate, Diego... Non imos solucionar nada berrando.

Na sala de interrogatorios, *Antía aproveita que está soa pra remexer nos petos da chaqueta de Diego, que quedou na cadeira fronte a ela. De fondo escóitanse os seus berros.*

DIEGO(OFF) ¿Non puido desaparecer! ¿Ten que estar aí, Quique!

Antía sorrí ó escoitar os berros. Colle a placa de Diego e acaríñaa, fascinada: é o símbolo de Diego como garda civil.

Na zona común:

QUIQUE *(Agoniado)* Síntoo, meu sarxento. Perdémolo definitivamente.

DIEGO *(Furioso)* ¿Merda!

Diego desafoga a súa frustración pegando un golpe sobre a mesa.

QUIQUE É posible que lle quitasen a batería, pra evitar que o localizásemos.

Pouca explicación pra Diego que o levan os demos.

Na sala de interrogatorios, *Antía garda a placa de Diego no seu peto e deixa todo tal e como estaba.*

Na zona común:

TOMÁS As patrullas tardarán dez minutos en chegar á zona. Veremos que nos contan.

QUIQUE Avisareinos de calquera novidade.

TOMÁS Grazas, Enrique. *(A Diego e Marga)* Vó-los dous, ó despacho.

DIEGO ¿E que pasa con Antía?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Na sala de interrogatorios, entra Diego. Antía segue sentada no seu sitio, coma se non pasara nada.

ANTÍA ¿Todo ben?

DIEGO Máis ou menos...

ANTÍA ¿Precisades algo máis de min? Teño traballo pendente.

DIEGO Podes marchar. E moitas grazas por todo.

ANTÍA O que hai que facer pra verte...

Achégase a el e dálle un bico. Diego, aínda afectado polo sucedido co teléfono, non está moi receptivo.

ANTÍA Perdoa, non é o momento.

DIEGO Non... Perdoa ti...

ANTÍA Espero que atopedes pronto a Rivas.

DIEGO *(Preocupado)* Eu tamén...

89.15. CUARTEL. EXT. DÍA (DÍA 1º)

ANTÍA, FIGURACIÓN (HOME 1, HOME 2)

89.16. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS

No Cuartel, vemos a Antía saír do seu interior e dirixirse cara ó seu coche, cun sorriso de satisfacción na cara e a placa de Diego no peto.

Reparamos que nas proximidades están os homes de Santos, que non lle quitan ollo de enriba a Antía. Un deles saca o seu teléfono móbil e fai unha chamada.

Na Taberna, do outro lado do teléfono, está Santos.

SANTOS ¿Que pasou?

HOME 1 A avogada acaba de saír do cuartel.

SANTOS Non se vos ocorra perdela. Seguídea.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

HOME 1 ¿Ata onde?

SANTOS Ata o mesmo inferno, se fai falta...

89.17. COVA. EXT. DÍA (DÍA 1º)

AFONSO³, FIGURACIÓN (LAGARES)

Dous tipos con pinta de sicarios profesionais vixían a entrada da cova.

89.18. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS

Rivas está sentada no chan. Ten sangue na cara que lle cae da ferida da cabeza polo golpe que recibiu. Mira a cámara. O piloto vermello segue aceso. Rivas fálalle a Antía a través da cámara.

RIVAS ¿Que queres, que suplique? O medo ponte "cachonda", ¿non? Por iso montaches este circo. Todo forma parte do teu ritual, do teu xogo.

Rivas sorrí, mofándose.

RIVAS ¿Pensas que e-la primeira psicópata que se cruza no meu camiño? Estadades todos cortados polo mesmo patrón: complexos, traumas, ego, narcisismo. E acabades todos igual: cometendo un erro. Porque no fondo queredes que vos collan, ensinarlle ó mundo "a vosa obra".

89.19. ESTRADA. EXT. DÍA. (DÍA 1º)

ANTÍA, FIGURACIÓN (HOME 1, HOME 2)

O coche de Antía está aparcado na beira da estrada. Antía sae e vai cara o capó. Ábreo e limitase a agardar.

Ó pouco, o coche dos homes de Santos aparece pola estrada. Antía comeza a facerlles sinais pra que se deteñan.

³ Este personaxe vai aparecer no episodio 90.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

O coche acaba deténdose uns metros por diante. O condutor sae. Pasa a carón da porta do copiloto de camiño ó coche de Antía. Sae o copiloto. Falan entre eles.

HOME 1 ¿Pero que fas?

HOME 2 ¿Como a imos seguir se ten o coche escarallado?

HOME 1 Santos dixo que fósemos discretos.

HOME 2 ¿E que facemos?

Antía observa como falan entre eles os homes. Por fin, achéganse. Ela actúa coma unha moza en apuros.

ANTÍA Moitas grazas por parar. *(Sinala o coche)* O coche parou de repente...

HOME 2 ¿Queres que bote un ollo?

ANTÍA Por favor. Sóde-la miña salvación.

O home 2 ponse a mirar no motor.

HOME 1 *(A Antía)* ¿Es de por aquí?

Por resposta Antía saca a súa pistola, que leva silenciador, e pégalle un tiro na cabeza. O tipo cae morto.

O home 2 deixa o motor, alucinando.

HOME 2 ¿Pero que hostia...?

ANTÍA Baixa a voz. Se colaboras non che vai pasar nada, non teño nada contra ti.

HOME 2 *(acolloado)* ¿E que tiñas contra el?

ANTÍA O teu xefe ten que saber que vou en serio. Púidoche tocar a ti, é o teu día de sorte. Lévaio ó maleteiro.

O home 2 obedece, moi asustado. Antía pecha o capó. O home 2 arrastra o corpo cara á parte de atrás mentres Antía non deixa de apuntalo. Chegan ó maleteiro.

ANTÍA Colócalle a túa chaqueta debaixo da cabeza. Non quero que mo poña todo perdido de sangue.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

O tipo obedece. Ó rematar mira a Antía, agoniado.

ANTÍA ¿Canto vos pagou Santos?

HOME 2 Mil euros.

ANTÍA ¿A cada un?

O tipo nega coa cabeza. Antía sorrí.

ANTÍA Que miseria.

Antía dispáralle. O corpo cae cara ó maleteiro.

ANTÍA Aínda que non creo que a túa vida valesse tanto.

Antía garda a arma e mete o cadáver do Home 2 no maleteiro. Volve ó volante, acende o coche e marcha.

89.20. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

FIGURACIÓN (GARDAS), (TOMÁS OFF)

Varios gardas percorren o monte na procura de probas. Un deles, que leva luvas de plástico, está a gardar o teléfono móbil de Rivas nunha bolsa.

TOMÁS(OFF) Localizámo-lo móbil da tenente Rivas. Ou máis ben o que quedaba del.

Outro garda está a sacar fotografías das pisadas que deixou Hugo.

TOMÁS(OFF) O que o deixou alí, deixou tamén as súas pisadas.

89.21. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, MARGA, DIEGO, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS)

A foto das pisadas no panel, a carón da foto do móbil, das demais imaxes do caso e dun mapa. Tomás fala pra os seus homes.

TOMÁS A primeira vista parecen dunhas botas de monte. Enrique...

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

QUIQUE Polo número está descartado que sexan da tenente. Están en mans da Científica, pronto teremos máis datos.

TOMÁS Non sabemos como puido chegar ata aí o teléfono, pero é posible que o cómplice estea pola zona. O monte de San Miguel é un bo lugar pra esconderse.

QUIQUE Hai bastantes casas abandonadas e muíños en ruínas.

DIEGO Non vai ser doado bater ese monte. É grande, e a vexetación espesa.

MARGA Un labirinto.

TOMÁS Xa establecemos controis (*sinala o mapa*) aquí, aquí e aquí. Se segue aí, está practicamente sitiado.

MARGA ¿Por que conectaría o móbil pra rompelo despois? Sabe que témo-lo teléfono controlado.

DIEGO Levas razón. Ata o de agora non cometera ningún erro.

TOMÁS Certo, pero non podemos ir contra as probas só porque creamos que o sospeitoso é moi listo.

Diego asente, Marga non parece tan convencida.

QUIQUE ¿E se non foi el o que acendeu o móbil?

DIEGO ¿Rivas?

QUIQUE (*asente*) Quizais conseguiu fuxir. E colleuna antes de que puidese chamar.

MARGA (*nada convencida*) Nese caso habería máis pisadas.

Tomás interrompe, farto da deriva da conversa.

TOMÁS Estamos todos ansiosos por atopa-la tenente, pero temos que limitarnos ós feitos. ¿Que sabemos con seguridade? Un: Estevo tiña, polo

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

menos, un cómplice. Dous: está en Serramoura.
Tres: temos unha pista: as súas pisadas...

89.22. CASA DOS FIÚZA. INT. DÍA (DÍA 1º)

HUGO, (TOMÁS OFF)

89.23. LUGAR POR DETERMINAR⁴. INT. DÍA (DÍA 1º)

ANTÍA

Na Casa dos Fiúza, *Hugo está entrando pola porta, agoniado.*

TOMÁS(OFF) ...Catro: estamos máis cerca de coller a ese malnacido.

Hugo senta no sofá. Soa o seu teléfono e mira quen chama. Ó velo inquiétase aínda mais. Colle folgos. Contesta.

No lugar sen determinar, *Antía está do outro lado do teléfono.*

HUGO Fixen o que me pediches.

ANTÍA Xa o sei. Chamo pra felicitarte.

HUGO Cumprín coa miña parte. Agora quero que me deixes en paz.

ANTÍA *(ri)* Pero mira que es parvo...

HUGO Acabo de arriscar moito por ti.

ANTÍA E eu matei un home por ti. ¿Cres que con facerme un recado saldamos contas?

HUGO Eu non che pedín que o matases.

ANTÍA Non te atrevías, pero ben que o desexabas.

HUGO Iso non é certo.

ANTÍA Si que o é. Débesme todo o que tes. O que es.

Hugo cala, dándose por vencido.

HUGO ¿Que queres?

⁴ Las Vegas.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

ANTÍA Que sigas traballando pra min. Neste momento, teño unha vacante.

HUGO Isto non vai funcionar.

ANTÍA Terá que funcionar pola conta que che ten. Procura te-lo móbil a man, porque te podo chamar en calquera momento do día ou da noite. Este choio non entende de horarios.

Na Casa dos Fiúza, Hugo decátase de que Antía xa colgou.

No lugar sen determinar, Antía sorrí satisfeita. Do bolso, saca a placa de Diego.

Antía vai cara ó panel e coloca a placa, nun oco que ocupa un lugar destacado entre as outras cousas do "altar" a Diego.

Reparamos na pantalla do ordenador. Rivas está sentada no chan, mirando á cámara.

89.24. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, AFONSO

Rivas mira á cámara. Exhausta, está a morrer de sede. Chega un dos matóns (Afonso). Vai armado e mira a Rivas cun sorriso provocador.

RIVAS Levo horas sen beber.

AFONSO As ordes din que nada de auga.

RIVAS Confórmome cunha birra.

Afonso sorrí e achégase máis a Rivas.

RIVAS Dubido que o plan da túa xefa sexa matarme de sede.

AFONSO A min non me preguntes polos seus plans. (*apúntaa*) Só sei que se intentas algo, estou autorizado a facerche un buraco na cara.

RIVAS (*desafiante*) Así que es un neno obediente.

AFONSO Si. E deberías dar grazas.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Afonso achégaselle aínda máis. Comeza a pasarlle o canón da arma pola camiseta. Con lascivia.

AFONSO Que sexas picoleta ten o seu morbo.

RIVAS Que sexa picoleta só incrementa as túas posibilidades de acabar no cárcere.

AFONSO Xa estiven. ¿Cres que me asusta?

RIVAS Ó contrario. Seguro que alí es igual de home. Un tipo duro coma ti, ha de sentirse a gusto rodeado de machos. ¿Quen sabe? Mesmo pode haber alguén especial que te bota en falta e que se alegrará de volverte ver.

Afonso sóltalle unha hostia. Rivas refaise e sorri desafiante.

AFONSO Vaste arrepentir.

Afonso marcha e Rivas deixa de sorrir.

89.25. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, PEIXE

Santos está a chamar por teléfono, impaciente. Pero non obtén resposta e colga, amolado.

SANTOS ¿Onde carallo se meteron eses dous?

PEIXE Coñecéndoos, irían de putas.

Santos fulmina coa mirada a Peixe.

PEIXE *(Intimidado)* Era broma, home. Estarán seguindo á avogada, como ordenaches.

SANTOS *(Impaciente)* Daquela por que non contestan ó puto teléfono.

PEIXE Podes localizalos polos móbiles.

SANTOS *(Irónico)* Si, home, si... Voulles pedir prestado o SITEL ós picoletos.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

PEIXE A ver... Eu destas cousas non piloto moito, pero pra min que hai outras formas de facelo.

Santos queda un anaco pensativo. Repara en Luz que está na barra, chateando no seu teléfono.

89.26. TABERNA. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, LUZ, FIGURACIÓN (2 GARDAS)

Por continuidade, Santos achégase á barra. Luz deixa o móbil.

LUZ ¿Precisas algo?

SANTOS Consello tecnolóxico.

Luz mírao, estrañada. Sentados nunha mesa, os dous gardas non lle quitan o ollo de enriba a Santos.

89.27. MONTAXE RECURSOS⁵ MONTE

(TOMÁS OFF)

Vemos un dispositivo de busca. Varios gardas percorren o monte, á procura de pistas. Polo que parece, non atopan nada.

Outro garda está a falar cuns cuadrilleiros.

De fondo, escoitamos a voz en off de Tomás.

TOMÁS(OFF) As patrullas seguen sen atopar nada no monte de San Miguel nin nos arredores.

89.28. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, DIEGO, TOMÁS, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS)

Marga, Diego, Tomás e Quique están diante do panel.

TOMÁS De momento, ninguén viu nada.

DIEGO *(Fodido)* O cómplice volveu escapar.

MARGA Se cadra coñece o monte.

⁵ Material xa gravado

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

TOMÁS É posible. ¿Que sabemos do laboratorio?

QUIQUE O móbil de Rivas non ten pegadas, á parte das da tenente.

MARGA ¿E as chamadas e mensaxes?

QUIQUE Tódolos números están verificados. Nada sospeitoso.

DIEGO Daquela, o único que temos é esa pisada no monte.

Diego mira a fotografía da pisada.

QUIQUE É un modelo moi común de bota, úsano a maioría dos cuadrilleiros da vila.

MARGA Pode ser calquera.

QUIQUE De estatura media e complexión delgada, segundo os do laboratorio⁶.

MARGA Puido deixala un cuadrilleiro, un cazador, alguén que estivese paseando...

DIEGO Pero non apareceu en calquera parte do monte, senón ó lado do móbil de Rivas.

MARGA Iso non significa nada, Diego.

DIEGO (Alzando a voz) ¡É a única pista que temos!

MARGA (Sen amedrentarse) ¡Pois é unha pista de merda!

TOMÁS (Mediando) Abonda.

89.29. CUARTEL/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, DIEGO, TOMÁS

Tras unha pequena elipse, Marga e Diego están ante Tomás, con caras longas.

⁶ Axustar ó número que calce Tito Asorey.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

TOMÁS Sei que é un caso frustrante, especialmente pra ti, Diego. Pero estamos todos no mesmo barco, ¿de acordo?

Diego asente, en silencio.

TOMÁS ¿Marga?

Ela tamén asente.

MARGA Hai algo raro en todo este asunto do móbil.

TOMÁS Explícate.

MARGA Creo que o único motivo polo que o conectaron foi pra despistarnos. Ou pra xogar con nós.

DIEGO *(Agoniado)* É todo demasiado retorcido...

MARGA Precisamente por iso. A persoa á que nos enfrontamos ten unha mente retorcida. Se a queremos atrapar, temos que pensar de forma diferente.

DIEGO ¿Como un psicópata fillo de puta?

MARGA *(Asente)* Sempre se adianta ós nosos movementos. Por unha vez, gustaríame ir ó seu ritmo.

TOMÁS ¿E cal sería o seguinte paso dun psicópata?

89.30. COVA. EXT. DÍA (DÍA 1º)

ANTÍA, AFONSO, FIGURACIÓN (LAGARES)

Antía chega á cova. Os seus homes están apostados na entrada.

ANTÍA Deixei o coche na estrada. Hai dous homes mortos no maleteiro.

Os homes nin se inmutan.

ANTÍA Desfacédevos deles.

AFONSO ¿Quen son?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

ANTÍA Uns pobres diaños que traballaban pra o home equivocado.

89.31. RÚA 1. EXT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, FIGURACIÓN (2 GARDAS)

Santos camiña pola rúa, seguido a certa distancia polos dous gardas que o vixían.

Santos vira unha esquina, ó facelo os gardas, flipan. Santos esvaeceu. Miran a todas as partes pero non hai rastro del.

GARDA Merda.

89.32. RÚA 2. EXT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS

Santos camiña co teléfono móbil na man. Na pantalla, vemos un mapa no que está sinalado un punto⁷. Santos detense diante dun edificio/casa⁸: a aplicación do seu teléfono dille que chegou ó seu destino.

AS DÚAS SEGUINTESE SECUENCIAS VAN CRUZADAS:

89.33. LUGAR POR DETERMINAR. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS

89.34. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, ANTÍA

No lugar por determinar, o cuarto está en penumbra. Alguén remexe na porta, que tras un breve forcexo acaba por abrirse. Do outro lado aparece Santos, cunha ganzúa na man.

⁷ Sería un sistema similar ó de localización dos Iphone; aparece un enderezo marcado nun mapa.

⁸ Ou nave. Axustar segundo a localización "Lugar por determinar" (que a estas alturas xa sabemos todos que debería ser Las Vegas).

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Prende a luz e entra no cuarto. Unha das paredes está tapada por unha tea ou un biombo⁹. Santos repara en que sobre unha mesa hai dous teléfonos móbiles, a carón dunha nota co seu nome, adornada por un corazón.

SANTOS (Estrañado) ¿Pero que...?

Santos abre a nota co seu nome. Dentro lese: "Mira no ordenador".

Coa mosca detrás da orela, Santos prende a pantalla do único ordenador que hai no cuarto. Non dá creto co que ve nela.

Na cova (inserto en pantalla), Rivas está encadeada fronte á cámara cos ollos pechados. Ten mal aspecto, pero non é posible determinar se está viva ou morta.

No lugar por determinar, Santos tarda un par de segundos en asimilar o que ve.

SANTOS (Atónito) Rivas...

Séntese impotente. Berra, coma se ela puidese escoitalo.

SANTOS (Berrándolle á pantalla) ¡¡Rivas!!

Na cova (inserto en pantalla), nese momento, unha sombra aparece en pantalla. Alguén está con Rivas na cova, detrás da cámara.

No lugar por determinar, Santos ponse en tensión. Durante un segundo, mira a pantalla, agardando ver o secuestrador. Adiviña de quen se trata.

SANTOS Sei que estás aí, cabrona...

Na cova (inserto en pantalla), Antía non se deixa ver. Fala desde detrás da cámara, fronte a Rivas.

ANTÍA(O.S.) Ola, Santos... ¿Gústache o que ves?

No lugar por determinar, Santos recoñece a voz de Antía.

SANTOS (Furioso) ¡Como lle toques un pelo mátese, filla de puta!

⁹ A parede co mural sobre Diego, que Santos aínda non debe descubrir.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Na cova (inserto en pantalla), Rivas continúa cos ollos pechados. Antía fálalle a Santos, con tranquilidade.

ANTÍA Imaxino o que estarás botando por esa boquiña... Pero non te esfuerces: ningunha das dúas podemos escoitarte.

No lugar por determinar:

SANTOS ¡¡Estás morta!! ¿Oíches? ¡¡Morta!!

Na cova (inserto en pantalla):

ANTÍA Tranquilo, que non lle fixen nada. Aínda.

Rivas móvese: está espertando.

ANTÍA Mira que ben, xusto a tempo pra a función.

Pouco a pouco, Rivas vai abrindo os ollos.

ANTÍA Ola de novo. Saúda ó teu mozo.

RIVAS (Perdida) ¿Santos?

No lugar por determinar, Santos respira aliviado ó comprobar que Rivas está ben.

SANTOS ¡Rivas, aguanta! ¡Voute atopar!

Na cova (inserto en pantalla):

RIVAS ¿Santos está vendo isto?

ANTÍA Iso espero. Tiven que molestarme bastante pra que fose así.

RIVAS (Á cámara) Non fagas parvadas. Deixa que o solucionen no cuartel.

ANTÍA Que bonito... É moi tenro ver como vos preocupades o un polo outro. Mágoa que non sirva pra nada.

RIVAS (Á cámara) Dilles que Antía é a asasina... (do carmín).

Antía corta a conexión.

ANTÍA Sen spoilers, por favor. Por agora chega.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

No lugar por determinar, a pantalla do ordenador queda en negro.

SANTOS ¡Rivas! ¡¡Noooooon!!

Fóra de si, Santos tira o ordenador ó chan. Empréndea a golpes con todo o que atopa polo medio, incluída a tea/biombo¹⁰ que cobre a parede.

Santos queda pampo ó ver o panel dedicado a Diego. No centro a súa placa.

SANTOS (Alucinando) A nai que me...

Na cova, retomamos a situación.

ANTÍA O teu namorado ten que estar toleando nestes momentos...

RIVAS Estaste divertindo, ¿verdade?

ANTÍA Moito.

RIVAS (Rabiando) No fondo, non es máis que unha nena malcriada que busca chama-la atención.

ANTÍA Nese caso, penso que o fixen ben.

RIVAS Estás desesperada pra que todos vexan o lista que es. Pero a vaidade vai se-la túa perdición.

ANTÍA É posible... De tódolos xeitos non vas estar aquí pra velo.

RIVAS ¿Por que non me matas dunha puta vez, e así aforro o teu discursiño?

ANTÍA Cada cousa ó seu tempo. Vas morrer cando e onde eu queira. Nin antes, nin despois.

89.35. TRANSICIÓN CUARTEL. EXT. DÍA

89.35. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, MARGA, DIEGO, QUIQUE

¹⁰ Axustar segundo o elixido.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Santos, furioso, está no medio dunha discusión con Diego, que está cabreado polas acusacións de Santos.

SANTOS ;Era ela, a mosquiña morta da avogada!
 ;Cantas veces o teño que dicir?

DIEGO ;Por máis que o repitas, non deixa de ser
 ridículo!

MARGA (*Mediando*) ;Calade os dous! Santos... Dixeches
 que non chegaches a vela.

SANTOS Pero escoiteina. Recoñecín a súa voz.

DIEGO (*Escéptico*) ;Agora es un experto?

MARGA ;Que motivos tería Antía pra secuestrar a
 Rivas?

SANTOS É unha asasina, xa volo dixen. E está tola.
 Mesmo ten un altar dedicado a ti.

DIEGO O que me faltaba por oír...

SANTOS ;Onde está a túa placa, sarxento?

DIEGO ;E iso que ten que ver?

SANTOS Dígoche eu onde está. Decorando a parede desa
 filla de puta.

DIEGO ;Mentira!

SANTOS Daquela, ensinama...

DIEGO Só por darche nos dentes con ela.

*Diego bota a man ó peto da chaqueta. Alucina cando non
atopa a súa placa.*

SANTOS ;Que che dixen?

DIEGO (*Desconcertado*) A saber onde a deixei...

MARGA Saberémolo en canto a patrulla chegue ó lugar
 que nos indicou Santos.

Interrómpeos Quique, que chama á porta.

QUIQUE As patrullas acaban de chegar.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.36. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, QUIQUE, DIEGO, TOMÁS, FIG. (GARDAS), (GARDA OFF)

89.37. TABERNA. INT. DÍA (DÍA 1º)

LUZ

No Cuartel, en continuidade, saen da sala. Quique ponse á radio.

QUIQUE 130F a 130P3. Confirmade a vosa posición.

GARDA(OFF) Aquí 130P3. Estamos no exterior. Non hai movemento.

QUIQUE ¿Aseguráste-lo perímetro?

GARDA(OFF) Afirmativo.

TOMÁS Que entren.

QUIQUE Atención 130P3. Avanzade. Repito, avanzade.

Nese momento empeza a soar o teléfono de Diego; vai a un aparte e colle o teléfono.

DIEGO Luz... Agora non pododo atenderte.

Na Taberna, Luz está na barra. Ten na man a placa de Diego.

LUZ Só chamaba pra dicirche que teño a túa placa.

DIEGO (*Desconcertado*) ¿Como dis?

LUZ A túa placa. Acabo de atopala tirada no reservado. Debeuche caer nalgún momento.

DIEGO Paso despois a buscala. Grazas.

LUZ Non hai de que.

*Luz colga.
Diego queda estrañado.*

MARGA ¿Que foi?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DIEGO Cóntocho despois.

QUIQUE *(Pola patrulla)* Están entrando.

89.38. LUGAR POR DETERMINAR. INT. DÍA (DÍA 1º)*FIGURACIÓN (GARDAS)*

Varios gardas abren a porta dunha patada e entran no cuarto a punta de pistola. Está completamente baleiro. Os gardas míranse desconcertados. Un deles sae.

89.39. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)*SANTOS, MARGA, DIEGO, TOMÁS*

Santos está a agardar cando entran Marga, Tomás e Diego, con caras longas.

MARGA O lugar está baleiro.

SANTOS ¿Que carallo dis?

DIEGO Alí non hai nada. E por certo, a miña placa estaba na taberna.

Santos intenta assimilar a información.

SANTOS Esa filla de puta... É máis lista do que parecía. ¡Está xogando con nós!

TOMÁS Contrólate, estás nun cuartel da Garda civil.

SANTOS *(conténdose)* ¿E que ides facer?

DIEGO Iso non é asunto teu.

SANTOS Pero ides deter a Antía, ¿non?

Diego sorrí con sarcasmo, os demais calan e míranse entre eles, incómodos. Santos entende.

SANTOS Como puiden ser tan imbécil como pra contar con vós.

MARGA Pra detela, precisamos probas, ou un testemuño...

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

SANTOS ;Téde-lo meu!

DIEGO É a túa palabra contra a dela. ¿De verdade cres que un xuíz te vai tomar en serio?

SANTOS *(estoupa)* Deberíache parti-la cara agora mesmo.

DIEGO *(encarándose)* Inténtao.

TOMÁS ;Abonda! *(a Santos)* ;Ti, vas marchar de aquí inmediatamente!

Tomás sepáraos. Agora diríxese a Marga e a Diego.

TOMÁS Ó despacho...

SANTOS ;Ides deixar que esa cabrona mate a Rivas?

Os outros marchan. Santos dá un golpe na mesa, rabioso.

89.40. CUARTEL/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, DIEGO, TOMÁS, QUIQUE

En continuidade, os gardas entran no despacho.

TOMÁS *(furioso)* ¿Que carallo está pasando?

DIEGO Santos está interferindo, outra vez.

MARGA Cústame crer que inventase esa historia.

DIEGO *(indignado)* Por favor, é un criminal e está obsesionado con Antía.

MARGA ¿E que gaña contándonos isto?

DIEGO *(Bota balóns fóra, sen pensar)* ¿E se pretende despistarnos? ¿E se está implicado no secuestro?

MARGA Santos pode ser moitas cousas pero quere a Rivas. Diso estou segura.

Diego asente. Sabe que leva razón.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

TOMÁS Temos que ir paso a paso. O primeiro é rexistrar ese lugar ata os cimentos. Enrique, avisa a Científica.

QUIQUE Á orde.

TOMÁS Segundo. É certo, o testemuño de Santos é dubidoso, pero aínda que Antía non sexa sospeitosa estamos no noso dereito de falar con ela.

DIEGO É a terceira vez que o facemos.

TOMÁS E farémolo cen veces máis se é preciso.

Diego cala, concedendo.

TOMÁS Por outra banda, cústame crer que Santos inventase todo iso. Dixo que Rivas estaba nunha cova e non perdemos nada por investigalo. Enrique, fai unha listaxe das covas que haxa en 30 quilómetros á redonda.

QUIQUE Enseguida, meu tenente.

TOMÁS A traballar. Hai moito que facer.

Quique marcha. Diego e Marga van detrás.

89.41. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, ANTÍA

Rivas segue sentada, exhausta, cando entra Antía.

ANTÍA Escoitei que tes sede. ¿Un grolo?

Antía saca unha botella de auga do seu bolso. Rivas cala, mirando a botella. Por un momento a sede é máis forte que o orgullo.

ANTÍA Só tes que pedilo, de boas maneiras.

RIVAS Vai ó inferno.

ANTÍA Síntoo, non son católica.

Antía pousa a botella na mesa. Soa o seu móbil e mira quen chama.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

ANTÍA Diego. A estas alturas, Santos xa tivo que contarlle certa historia rocambolesca.

Antía silencia o móbil e volve gardalo.

RIVAS Non vas poder enganalo eternamente.

ANTÍA Permíteme que o dubide.

RIVAS Agora vasmе dicir que o amor é cego.

ANTÍA Digamos que hai persoas ás que lles custa un mundo abri-lo seu corazón, pero cando o fan, cústalle outro mundo volver cerralo. Diego é así, eu tamén.

RIVAS Unha fregona ten máis corazón ca ti.

ANTÍA Se puideses ver dentro de min, sorprenderíaste.

RIVAS Se me deixas un coitelo podو botar un ollo.

ANTÍA *(sorrí)* Gústame como funciona a túa mente. Pero dubido que poidas entende-lo que estea máis aló da túa experiencia.

RIVAS ¿Que lle vas facer a Diego? ¿Ou só queres satisfacer as túas fantasías de manipulación?

ANTÍA Diego e mais eu estabamos predestinados, o noso ía suceder antes ou despois.

RIVAS ¿E que pasará cando Diego se interpoña no teu camiño, como fixen eu?

ANTÍA Se acontece, está en mans do destino.

89.42. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, MARGA, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS)

Diego está a ler uns informes con cara de estar feito unha merda. Marga está na súa mesa. Entre os dous imponse un silencio tenso.

Chega Quique, que leva con el uns documentos. Tamén trae mala cara.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

QUIQUE Teño a lista das covas e grutas da zona. Contando cos reforzos, levaranos vinte e catro horas inspeccionalas todas.

MARGA Demasiado tempo.

Os tres calan, agoniados. Nese momento, soa o teléfono de Diego. Este mira quen chama. Ó velo, érguese e vai cara á sala de interrogatorios.

DIEGO Ola, Antía. Si, chameite.

Diego entra na sala e pecha a porta. Marga, coa mosca na orela, aproveita pra erguerse, faille un xesto a Quique pra que a siga e os dous entran no despacho de Tomás.

89.43. CUARTEL/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 1º)

QUIQUE, TOMÁS, MARGA

En continuidade, entran Marga e Quique. Tomás está a asinar documentos. Fala sen levantar a vista dos papeis.

TOMÁS ¿Algunha novidade?

MARGA Santos falounos dunha parede. Unha parede chea de imaxes de Diego.

QUIQUE ¿Que pode significar iso?

TOMÁS Se Santos di a verdade, que o que secuestrou a Rivas coñece a Diego.

MARGA Non só o coñece senón que está obsesionado con el. É dicir, non é un delincuente común.

TOMÁS Iso encaixa no perfil dun psicópata.

QUIQUE O que nos leva ó caso Vilaverde e ós asasinatos que a tenente investigaba.

MARGA E novamente a Antía.

TOMÁS ¿Por que Antía?

MARGA *(incómoda)* Porque Antía e Diego teñen unha relación.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Tomás agora si, ergue a vista, alucinado. Interroga a Quique coa mirada. Este asente.

TOMÁS ¿Por que sempre son o último en saber estas cousas?

MARGA Era un asunto persoal. Ata agora.

QUIQUE Pero Antía estaba no cuartel no momento en que se activou o teléfono da tenente.

MARGA Se Estevo era o seu cómplice pode ter máis.

TOMÁS Aínda así, todo a exculpa.

MARGA Precisamente, ¿e se o organizou todo pra que nós fósemo-la súa coartada?

TOMÁS Iso non fai que soe menos raro. E os xuíces non teñen tanta imaxinación. Antía ten coartada, non podemos establecer un móbil. Non temos nada.

MARGA Pero ningún de nós se fía desa muller. E non o digo polo testemuño de Santos...

QUIQUE Se mo permite, eu estou coa sarxento.

Tomás cala e asente, convencido. Diríxese a Quique.

TOMÁS Reúne toda a información que poidas sobre Antía Rei.

QUIQUE Á orde.

TOMÁS E insiste pra traela ó cuartel a declarar.

Quique asente.

TOMÁS Que quede claro que nada disto é oficial. Non imos a ningures se non atopamos algo que a conecte cos asasinatos.

Quique asente e sae.

MARGA Meu tenente, non é boa idea que Diego participe no interrogatorio. Antía... Cando está con ela non é o Diego que coñecemos.

Tomás mira a Marga por un momento, intentando saber canto do que sente Marga por Diego hai nesa frase.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

TOMÁS ¿E tes algunha idea?

Marga cala.

TOMÁS Eu teño unha, pero non me vai gustar levala a cabo.

89.44. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, TOMÁS, MARGA

Diego está a falar por teléfono.

DIEGO Si, estou ben. Vémonos. (escoita) Outro.

Diego colga cando entra Tomás pola porta.

DIEGO Antía está en camiño.

TOMÁS Ben. Teño outro traballo pra ti.

DIEGO (estrañado) Ti dirás.

TOMÁS Quero que vixíes a Santos.

DIEGO Se é unha broma non lle vexo a graza.

TOMÁS Ti e-lo único que o pode controlar. E temos indicios pra pensar que pode ir por Antía.

Diego obsérvao, desconfiado.

TOMÁS Está obsesionado. ¿Non foi o que dixeches?

Diego, cargado de sospeita, mira a Tomás e despois a Marga que está na zona común. Ela apártalle a mirada.

DIEGO E supoño que o interrogatorio queda nas mans de Marga.

TOMÁS Nas de Marga e nas miñas. Sei o que estás pensando pero non te está apartando ninguén.

DIEGO Non, claro que non.

Diego marcha, amolado. Tomás e Marga míranse incómodos.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.45. TRANSICIÓN TABERNA. EXT. DÍA**89.45. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)**

SANTOS, PANCHO, LUZ, DIEGO, FIGURACIÓN (2 GARDAS)

Conversa iniciada. Santos está nunha mesa desafogándose con Pancho.

SANTOS Xúrocho. Cando a colla por diante voulle arrinca-los dentes, un a un.

PANCHO Tío, contrólate.

Pancho sinala cara á barra onde hai dous gardas civís.

SANTOS A eses que lles dean.

PANCHO Santos, tes que baixar marchas.

SANTOS ¿Pero ti escoitaches algo do que acabo de dicir?

PANCHO Si. E que queres que che diga, sóame a película de espías.

SANTOS Esa avogada é moi retorcida, está xogando con todos pero cometeu un erro moi grave.

PANCHO Se é tan lista como dis non se vai deixar coller. E ten a Garda civil da súa parte.

SANTOS Se teño que levar por diante tódolos picoletos da vila, penso facelo.

Pancho nega coa cabeza e despois non pode evitar sorrir, o que molesta a Santos.

PANCHO Non e-lo home que pensaba que eras.

Mentres Pancho segue a falar, Diego chega á taberna, diralles algo ós dous gardas, que marcharán, ocupando el o seu lugar. Santos non vai perder detalle, mentres rumia unha idea.

PANCHO Se alguén me di que Santos o vai arriscar todo porque lle quere a alguén, pensaría que está tolo. E éche boa verdade. O amor toléanos. É a hostia. Agora xa o sabes, pero

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

non podes ir por aí coma un polo sen cabeza con dúas recortadas.

Pancho mira a Santos e decátase de que está a pasar del.

PANCHO (anoxado) Ei, ¿escóitame ou que?

SANTOS Perfectamente.

As miradas de Santos e de Diego crúzanse. Santos levanta a súa copa e sorrille con provocación.

89.46. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, ANTÍA, TOMÁS

ANTÍA (indignada) ¿Está de broma?

MARGA Responde á pregunta, por favor.

ANTÍA Non, non son das que van por aí encadeando gardas civís en covas. E paréceme increíble que lle dean credibilidade a Santos despois do que me fixo.

TOMÁS Entenderá que temos que contrasta-la súa declaración.

ANTÍA Por non entender, non entendo por que sigo aquí.

Marga ponlle a Antía diante os informes dos asasinatos do carmín, coas fotos das marcas dos beizos.

MARGA ¿Recoñeces esas fotos?

Antía bótalles unha ollada. Pon cara de non saber de que se trata.

ANTÍA ¿Debería?

Tomás non parece cómodo co interrogatorio.

TOMÁS Corresponden a varios asasinatos cometidos nos últimos dez anos.

ANTÍA Sigo sen entender. ¿Que teño eu que ver con todo isto?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MARGA A marca de carmín tamén apareceu no corpo de Vilaverde.

Antía finxe sorpresa.

ANTÍA Se isto é unha acusación, espero que teñan probas que a sosteñan.

TOMÁS Marga non pretendía acusala.

ANTÍA ¿Daquela, que? A verdade, non acabo de entender cara a onde vai este interrogatorio.

MARGA Tranquila, que xa chegamos.

Marga amósalle outro informe. Antía non dá creto ó ver de que se trata.

MARGA ¿Lembras este outro caso?

ANTÍA Coidado... Isto está moi cerca do acoso.

TOMÁS *(Estrañado)* ¿De que caso se trata?

ANTÍA O asasinato dos meus avós.

MARGA Aí foi cando coñeciches a Diego, ¿verdade?

Tomás bótalle unha ollada rápida á carpeta.

ANTÍA Acabáramos. Ese é o problema: está rabiosa porque Diego está comigo.

MARGA Se cadra el non pode ver como es en realidade, pero eu si.

ANTÍA ¿E como son?

TOMÁS Descúlpenos un minuto, avogada.

Tomás érguese. Agarda a que Marga tamén o faga. Amolada, Marga imítao e sae tras del. Antía queda mirando as fotos dos seus avós mortos. Sorrí.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.47. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, MARGA, QUIQUE

Por continuidade, Tomás sae da sala, amolado. Marga sae detrás.

TOMÁS Sarxento, estáseche indo das mans.

MARGA Non fixen nada malo.

TOMÁS Se non o ves, tes un problema.

MARGA Ensineille esas fotos pra estuda-la súa reacción. Se Antía é unha psicópata...

TOMÁS Moito supoñer.

MARGA Sei que só é unha teoría, pero ten sentido. Pénsao: moitos psicópatas actívanse tras unha experiencia traumática na infancia.

TOMÁS Ti viviches algo así, e non acabaches sendo unha psicópata.

MARGA Tiven sorte. E ó meu pai. E a ti.

Tomás cala un instante, afectado polo que di Marga. Pero refaise en dubidar. Quique incorpórase á conversa.

TOMÁS Síntoo, Marga... pero pra seguir con esta liña de preguntas, precisamos algo sólido contra Antía.

QUIQUE *(Interrompendo)* Vai ser complicado. Estudante modelo, profesional de éxito... Por non ter, non ten nin multas de tráfico.

TOMÁS ¿Atopaches algunha conexión cos crimes do carmín?

QUIQUE Á parte de Estevo Pousada, non. Vai levar tempo comprobar todos eses casos e teriamos que coordinarnos cos equipos que os levaron.

MARGA ¿E que pasa coa busca polas covas da comarca?

QUIQUE Polo de agora, non houbo resultados.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

TOMÁS (*Frustrado*) Estamos dando paus de cego...

MARGA Santos nunca nos levaría a seguir unha pista falsa. Non tratándose de Rivas.

TOMÁS Santos está tan desesperado por atopala que se agarraría a un cravo ardendo.

89.48. CARAVANA. EXT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, SANTOS

89.49. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

ANTÍA, MARGA

Na Caravana, vemos como se achegan a ela Diego e Santos. Diego vai uns pasos por detrás de Santos.

SANTOS (*Amolado*) ¿Vasme seguir todo o día? Porque teño que mexar, igual ma queres aguantar.

DIEGO Se é preciso, con tal de que non fagas máis parvadas...

SANTOS Tranquilo, hoxe teño a cota cuberta.

Santos ponse a remexer nas cousas que ten fóra da caravana. Non vemos que busca. Diego intenta ser comprensivo.

DIEGO Así non lle axudas a Rivas.

SANTOS Axúdaslle máis ti, fodendo coa desgraciada que a secuestrou...

DIEGO (*Conténdose*) Estamos deixándono-la pel. Pero temos que face-las cousas conforme á lei.

SANTOS (*Collendo un obxecto contundente*) Só hai unha lei na que confío...

Santos colle a Diego coa garda baixa e golpéao. Diego cae, sen sentido.

SANTOS A lei de Santos.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Santos colle o teléfono móbil de Diego, busca na axenda o número de Antía e fai unha chamada.

No Cuartel, *Antía está agardando a que continúe o interrogatorio. Responde ó teléfono pensando que a chama Diego.*

ANTÍA A túa compañeira tenme contra as cordas...

SANTOS Moi ben por ela. Mandareille unha botella de whisky cando todo isto acabe.

ANTÍA (*Recoñecendo a voz, a súa actitude cambia por completo*) ¿E como pensas que vai acabar?

SANTOS Contigo morta, como lle chegue a pasar algo a Rivas.

ANTÍA Pobre Santos... Debes de estar sufrindo moito. Pois aínda vas sufrir máis.

SANTOS Haste de ter por moi lista. Sempre un paso por diante. Teste que estar esmendrellando de todos nós.

ANTÍA Non creas. En realidade, é bastante aburrido. Sodes moi previsibles.

SANTOS Pois sinto dicirche que cometiches un erro. Ensináchesme o teu punto débil.

ANTÍA ¿De que falas?

Antía recibe no seu teléfono unha foto de Diego, tirado no chan, inconsciente.

ANTÍA ¿Non te atreverás a matar un garda civil?

SANTOS Ti ponme a proba.

ANTÍA ¿Que queres?

SANTOS Un intercambio: un sarxento por unha tenente.

Antía pensa. Rápido e ben. Recupera as formas.

ANTÍA O teu plan ten un fallo.

SANTOS Oi que carallo. Ti no colexio debías de ser unha desas nenas repelentes, ¿non?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

ANTÍA Rivas non che ía perdoar que matases a Diego. Íala perder de todas todas.

SANTOS Ben podo correr ese risco. ¿E ti?

Antía cala, meditando a resposta. Santos interpreta o seu silencio como unha negativa.

SANTOS Tes unha hora pra liberar a Rivas. Se non o fas, o teu queridiño está morto.

Na Caravana, Santos colga.

No Cuartel, Antía deixa o teléfono. Nese momento, volve entrar Marga na sala.

MARGA (Seca) Xa podes marchar.

ANTÍA Por fin... Teño cousas máis importantes que facer.

MARGA Pois fainas sen saír da vila.

ANTÍA Pra iso vai ter que acusarme formalmente. E que mo diga un xuíz. Cousa que non vai pasar. E iso sabémolo as dúas.

As dúas mulleres rétanse coa mirada durante un segundo. Marga non ten máis remedio que claudicar.

MARGA Procura estar localizable.

Faise a un lado, pra deixala marchar. Antía sae.

89.50A. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, FIGURACIÓN (LAGARES)

Rivas tira das súas cadeas, intentando liberarse, sen éxito. Escoita un ruído.

RIVAS (Berra) ¿Ola? ¿Escóitame alguén? ¡Ola!

Vese a luz dunha lanterna. Ó cabo duns segundos, asoma Lagares, un dos seus gardas.

RIVAS Teño moita sede. Preciso beber.

O tipo dubida.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

RIVAS Vamos, home... Que vou morrer deshidratada.

Lagares colle a botella de auga¹¹ que Antía deixou anteriormente e achégalla a Rivas.

RIVAS Grazas.

Rivas bebe un par de grolos con ganas.

RIVAS *(Collendo forzas)* Necesitaba isto...

Ó devolverlle a botella, Rivas sorprende ó tipo envolvéndolle o pescozo coa cadea. Lagares cae, afogado pero vivo. Rivas remátao cun golpe na cabeza.

Aproveitando que o matón queda inconsciente, Rivas comeza a rexistrarlle os petos en busca da chave dos seus grillóns.

89.51. COVA. EXT. DÍA (DÍA 1º)

AFONSO

Afonso, o outro matón de Antía, cre escoitar un ruído no interior da cova. Xírase, estrañado. Afonso dubida un momento, pero ó final acaba por entrar, en alerta.

89.50B. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, AFONSO, FIGURACIÓN (LAGARES)

Retomamos a situación. Rivas remexe nos petos de Lagares.

RIVAS *(Para ela)* Vamos... Ten que estar por aquí.

Finalmente, atopa a chave das cadeas. Vese a luz doutra lanterna, achegándose.

AFONSO(O.S.) ¿Lagares, vai todo ben?

Ó escoitar que Afonso se achega, Rivas apura en quitar os grillóns. Pousa a cadea no chan, procurando non facer ruído, e colle a lanterna de Lagares.

¹¹ Con isto, Rivas está condenándose. Volverémolo ver máis diante, polo que haberá que gravar material abondo deste momento.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Pégase á parede da cova, ás escuras, agardando a chegada de Afonso. En canto este asoma, Rivas golpéao coa lanterna de Lagares. Pero o único que consegue é que caia ó chan. Rivas vai botar a correr cara á entrada, pero Afonso impídello apuntándolle coa súa arma. Momento de tensión. Rivas ten preto a saída. Afonso apuntádoa.

AFONSO ;Non vas poder fuxir!

RIVAS E ti non me vas matar.

AFONSO Se intentas saír de aquí, teño ordes de facelo.

Rivas dubida que facer. Á desesperada, opta pola terceira opción: correr cara ó interior da cova. Afonso alucina.

AFONSO (Pra el) ¿Onde cona cre que vai?

89.52. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, (AFONSO OFF)

Rivas segue correndo cara ó interior da cova, exhausta. Escóitase a voz de Afonso.

AFONSO(OFF) ;Ninguén pode escapar dela!

Corte a:

Respiración axitada de Rivas mentres corre. Ó fondo do corredor por onde vai, un punto de luz que baixa do teito.

Corte a:

Chega ó punto de luz. Está a unha distancia asumible desde o chan.

Mira atrás. Sabe que pronto darán con ela. Dispónse a escalar.

89.53. CARAVANA. EXT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, DIEGO

Diego, xa consciente, está atado nunha cadeira. Forcexa, cabreado, intentando liberarse. Santos enfócao coa cámara do seu teléfono móbil.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

SANTOS Estate quietiño, anda. E bótalle un sorriso á túa moza.

Santos sácalle unha foto.

DIEGO Sóltame, Santos.

SANTOS Iso non vai pasar. Así que reláxate e intenta pasalo ben.

DIEGO Perdíche-la cabeza por completo...

SANTOS Non o sabes ben.

DIEGO ¿E que vas facer? ¿Matarme?

SANTOS Espero non ter que chegar a iso, pero se non me queda outra...

DIEGO ¡Antía non secuestrou a Rivas! ¡Vas comete-lo peor erro da túa vida!

SANTOS É posible.

Santos envíalle a foto a Antía, cunha mensaxe: "O tempo esgótase".

89.54. COVA (PLATÓ)¹². INT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS

Rivas avanza a través do estreito túnel polo que entra a luz.

Ten que ir arrastrándose.

Plano corte transversal na terra.

Vemos o avance en pendente. Sofre pra conseguir gañar cada centímetro.

A piques está de renderse. Por un momento, ten ganas de botarse a chorar, de deixarse ir. Só un momento. Refaise. E cun arrouto de rabia, retoma o ascenso polo túnel.

¹² Esta secuencia está pensada para falseala en plató. Esixe reunión de VFX, Dirección de foto, Dirección, Producción, (Vestuario e Maquillaxe?) e Montaxe.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.55. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS

O monte está en calma. Escóitase o son do vento e os cantos dos paxaros.

De súpeto, unha man irrompe da terra. Como un morto que sae da tumba, Rivas gabea polas paredes do túnel, abríndose paso entre a terra, as ramas e a carriza que tapan parcialmente a entrada de luz.

Finalmente, Rivas sae á superficie, cuberta de lama e sangue, sen alento polo esforzo realizado.

Tras coller folgos durante un anaco, decátase de que aínda non está a salvo. Mira ó redor, intentando orientarse.

Busca a posición do sol, toma unha decisión sobre cara a onde ir e bota a correr.

89.56. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, FIGURACIÓN (CONDUTOR)

89.57. RÚAS¹³. EXT. DÍA (DÍA 1º)

ANTÍA

No Monte, *Rivas corre polo monte. De cando en cando, mira ó seu redor, pra asegurarse de que non a segue ninguén.*

Chega a unha pista forestal.

Mira ó seu redor, decátase de que está soa. Ó pouco, escoita un motor achegarse. Vai cara ó centro da pista.

Aparece un coche. Rivas faille sinais pra que se deteña. O coche pita, pero Rivas non aparta.

RIVAS ¡Ei! ¡Para! ¡¡Para!!

O coche frea e Rivas achégase ó condutor que alucina coa situación e co seu aspecto. Rivas achégase ó coche.

RIVAS Son a tenente Rivas, da Garda Civil de Serramoura.

¹³ Ou calquera espazo neutro.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

CONDUTOR ¿Garda Civil?

RIVAS Tes que achegarme ó cuartel, agora mesmo.

O condutor asente.

RIVAS E preciso o teu teléfono.

CONDUTOR Non teño.

RIVAS Pois entón apura. ¡Vamos, vamos!

Pero o condutor non se move. Rivas non entende nada. Nese momento soa un teléfono. Rivas flipa. O condutor saca un móbil do peto.

RIVAS ¿Non dicías que non tiñas teléfono?

CONDUTOR É pra ti.

Rivas mírao alucinada mentres o móbil segue a soar. Acaba por coller o teléfono. Responde.

RIVAS ¿Si?

Nas Rúas, Antía ó teléfono.

ANTÍA ¿Estás cómoda? ¿Trátante ben?

Rivas cala e mira ó condutor, en tensión.

ANTÍA Non tes que preocuparte por el, as súas ordes son deixarte no cuartel, sa e salva.

RIVAS ¿Así que el tamén che debe un favor?

ANTÍA Vasme coñecendo.

RIVAS ¿Que queres?

ANTÍA No móbil podes atopar unha carpeta con varias fotos. Recomendóche que lles botes un ollo.

RIVAS ¿Fotos de quen?

ANTÍA De teu pai, de túa nai, de túa irmá...

RIVAS *(acolloada)* ¿Que lles fixeches?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

- ANTÍA Nada. Aínda. Pero se me deteñen, se me pasa algo malo, a túa xente vaino pasar mal. No "pack" tamén inclúo a Marga, a Quique e ós demais. E a Santos, por suposto.
- RIVAS Non podo facer iso.
- ANTÍA Non che estou pedindo que cales eternamente. Só un par de horas.
- RIVAS ¿Pra que?
- ANTÍA Pra desaparecer. Pero tranquila, non é un adeus, é un ata logo.
- RIVAS Mentas, segues xogando.
- ANTÍA Iso sempre. Pero tes un mozo moi teimudo que non cumpriu as regras. Por certo, deberías darte présa, non vaia ser que faga unha loucura.

No Monte, Rivas escoita colgar a Antía. Comeza a ver as fotos do teléfono. Vemos imaxes da súa familia. Rivas respira, agoniada.

Nas Rúas, Antía colga. Fai outra chamada.

ANTÍA Teño outro traballo pra ti.

89.58. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

AFONSO, FIGURACIÓN (LAGARES)

Afonso colga o teléfono. Ós seus pés está o outro matón, aínda inconsciente.

Afonso anícase, colle a cadea e volve poñerlla ó redor do pescozo. Nese momento, o home esperta. Intenta resistirse pero non ten ningunha oportunidade. Afonso afógao.

89.59. CARAVANA. EXT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, DIEGO

Diego segue atado e amordazado. Sae Santos da caravana. Mira o seu reloxo (ou o do móbil).

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

SANTOS Polo que parece a túa moza estase facendo a dura. Claro que tamén pode ser que non lle importes tanto como pensabas.

Santos saca a arma e apunta a Diego.

SANTOS Vou ter que poñer a proba os seus sentimentos. A ver se cunha foto das túas tripas diante se lle abranda o corazón.

Diego remóvese desesperado, berra a pesar de estar amordazado. Santos está a piques de disparar. Nese momento soa o seu teléfono. Vai fóra responder, deixando a Diego, agoniado.

SANTOS(O.S.) ¿Si? (escoita) Ahá. (escoita) Vale.

Santos garda a arma e comeza a desatar a Diego. Quítalle a mordaza.

SANTOS Soltouna. Rivas acaba de chegar ó cuartel.

DIEGO ¡Cabrón!

SANTOS Tes dereito a cagarte na miña nai pero non podes negar que o plan funcionou.

Diego sorpréndeo, sóltalle unha hostia e quítalle a arma. Apúntalle.

SANTOS Eu tamén faría o mesmo.

DIEGO ¿Ai si? ¿E que farías ti agora?

SANTOS Pegarme un tiro na perna pra que aprendese. Pero coñézote demasiado ben, Diego. Tranquilo, non me vou resistir.

Santos ergue as mans. Diego sóltalle outra hostia.

SANTOS (Sen perder a súa peculiar compostura)
¿Mellor?

DIEGO Moito mellor.

Pausa.

DIEGO Cagáchela por última vez.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.60. TRANSICIÓN SERRAMOURA. EXT. DÍA**89.60. CUARTEL/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 1º)**

RIVAS, QUIQUE, MARGA, TOMÁS

Rivas está sentada despois de lavar un pouco a cara. Leva por riba unha chaqueta. Dálle unha calada a un cigarro. Saboréao.

RIVAS Grazas, Quique.

Miradas preocupadas de todos.

RIVAS Tranquilos, superei resacas peores.

MARGA Debería verte un médico.

RIVAS En canto rematemos.

QUIQUE Se me permite o comentario, ten moi mala cara.

RIVAS E ti es un sol, se me permíte-lo comentario.

Rivas dálle un bico a Quique. Este sorrí e sae.

RIVAS E que saibades que vós tamén estades horribles.

Sorrisos tranquilizados dos presentes.

RIVAS Estou en débeda con todos. Especialmente con vostede, Tomás.

TOMÁS Non estivo mal lembra-los vellos tempos aínda que estou desexando devolverlle a cadeira, tenente.

RIVAS Malas novas pra as troitas.

TOMÁS As troitas non me teñen respecto ningún.

RIVAS ¿Probou a pescar con uniforme?

Os tres sorrín.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MARGA ¿Parécevos se rematamos coa declaración?

RIVAS ¿Por onde iamos?

TOMÁS Os dous homes.

Rivas non está cómoda mentindo. E menos facéndoo pra darlle a Antía tempo a fuxir.

RIVAS *(incómoda)* Si. Parecían profesionais. Seguro que teñen antecedentes.

TOMÁS ¿Faláronlle dos motivos do secuestro?

RIVAS Non.

MARGA ¿E non había ninguén máis?

RIVAS Estevo. Quedou probado que foi el o que me atacou, ¿non?

MARGA Si, pero ¿estás segura de que non había ningún outro implicado?

Rivas cala por un instante, o que alerta a Marga.

RIVAS É posible, pero non estou segura. Drogáronme.

MARGA ¿Entón puideches ver outra persoa?

RIVAS Non o sei. *(pénsao, agoniada)* ¿Podería chama-la miña familia?

TOMÁS Por suposto.

Nese momento interrómpeos Quique.

QUIQUE Desculpen. Xa están aquí.

89.61. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, SANTOS, DIEGO

Diego e Santos míranse en silencio.

SANTOS ¿Non mo pensas preguntar?

DIEGO ¿Preguntarche o que?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

SANTOS Se estaba disposto a aperta-lo gatillo.

DIEGO ¿Pra que? Coñecémonos demasiado ben.

Santos sorrí. Diego trállao coa mirada.

DIEGO Quero que saibas que non vou presentar cargos. Non o fago por ti, evidentemente, senón por Rivas. Aínda así, vaise abrir unha investigación.

Nese momento entra Rivas. Diego e Santos sorrín.

RIVAS Parece que non vos podo deixar sós.

Diego dálle unha aperta a Rivas.

DIEGO Metíchesme en moitas, pero esta foi a peor.

RIVAS Xa o sei, pero ten a súa parte boa, desta vez non me podes botar ningún sermón.

Diego sorrí. Rivas achégase a Santos.

RIVAS E a ti, non che cruzo a cara agora mesmo porque acabo de saír dunha tumba. ¿Xa che explicou Diego que probablemente acabes no caldeiro?

SANTOS Nese caso, teremos que pedir un "vis a vis".

DIEGO Mellor déixovos sós.

Diego sae, evitando mirar a Santos. Rivas e Santos danse unha aperta e un longo bico.

SANTOS Cariño, apestas.

89.62. COVA. EXT. DÍA (DÍA 1º)

FIGURACIÓN (GARDAS CIVÍS)

Varios gardas entran na cova.

89.63. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

FIGURACIÓN (LAGARES, GARDAS CIVÍS)

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

Os gardas descubren o corpo de Lagares. Un deles comproba que está morto, e nega coa cabeza. O outro saca o teléfono.

GARDA 2 Vou avisa-lo cuartel.

89.64. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, MARGA, DIEGO, QUIQUE, SANTOS, RIVAS, FIG (GARDAS)

Quique acaba de informar sobre o achado da cova.

TOMÁS *(Sorprendido)* ¡Como que morto?

QUIQUE Iso foi o que dixeron.

DIEGO Ó noso home non lle gustan os cabos soltos..

MARGA ¿Que foi do segundo home?

QUIQUE Nin rastro del.

DIEGO Témo-lo retrato robot de Rivas.

Miran cara á sala de interrogatorios, onde Rivas está a falar cun garda, acompañada de Santos.

TOMÁS Non sei se agora mesmo é moi fiable como testemuña.

DIEGO É dura coma un penedo. Eu fíome dela.

TOMÁS Está ben... *(A Quique)* Envía o retrato robot a Comandancia. A ver se hai sorte..

QUIQUE Moi ben.

MARGA E a ver que nos pode dici-lo forense do morto. Se cadra acláranos algo sobre o seu compañeiro.

TOMÁS Boa idea. ¿Enrique?

QUIQUE Sen problema.

Quique vai pra a súa mesa. Os outros volven mirar a Rivas, preocupados.

TOMÁS Non ten moi bo aspecto..

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.65. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, RIVAS, FIGURACIÓN (GARDA CIVIL)

Rivas parece sentirse mal.

SANTOS (Preocupado) ¿Que foi?

RIVAS Nada.

SANTOS Deberías estar nun hospital.

RIVAS (Nega) Estou ben.

SANTOS Non hai máis que verte.

Rivas mira con interese a Tomás, Diego e Marga falando.

RIVAS Santos...

SANTOS Dime.

RIVAS Es un bo tipo atrapado nunha cabeciña tola.

SANTOS ¿A que vén iso?

RIVAS Non o sei. Só quería dicircho.

SANTOS Moi ben... Pois xa que estamos de confesións, igual fixen un par de cousas ilegais mentres estiveches retida.

RIVAS Non pasa nada. Pero grazas por dicilo.

Parece que hai algo que lle preocupa.

RIVAS ¿Importaríache saír un momento? Teño que falar con Marga e Diego.

89.66. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, QUIQUE, TOMÁS, DIEGO, MARGA, RIVAS, FIG (GARDAS)

Santos agarda fóra da sala de interrogatorios a que os outros rematen de falar. Quique achégaselle.

QUIQUE ¿Apetéceche tomar algo? ¿Un café, té...?

SANTOS ¿A ti paréceche que son dos que beben té?

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

QUIQUE Non, pero cousas máis raras.. (se viron).

Quique queda calado de pronto. Sinala á sala.

QUIQUE Aí pasa algo.

Santos xírase. Dentro da sala, Rivas parece estar quedando sen aire. Santos corre cara a alí.

DIEGO(O.S.) ¡¡¡Unha ambulancia!!!

89.67A. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, MARGA, DIEGO, TOMÁS, SANTOS

Cando Santos entra, a sala é un caos. Rivas está no chan, incapaz de respirar.

SANTOS ¡Rivas!

Anícase ó seu carón. Rivas intenta dicir algo, pero non é quen de falar.

MARGA Tes que gardar forzas, non fales.

SANTOS ¿Que lle pasa?

MARGA Non o sabemos, púxose mal de repente..

DIEGO (Agoniado) ¿Onde se meteu esa ambulancia?

TOMÁS Vén de camiño. Tardará dez minutos.

DIEGO ¡Non temos tanto tempo!

Rivas está quedando sen respiración. Santos axeónllase ó seu carón.

INSERTO VÍDEO 89.50A

Lagares colle a botella de auga que Antía deixou anteriormente e achégalla a Rivas.

Rivas bebe un par de grolos con ganas.

INSERTO AUDIO 89.34.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

ANTÍA Vas morrer cando e onde eu queira. Nin antes, nin despois.

89.67B. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS, MARGA, DIEGO, TOMÁS, SANTOS

Rivas, co seu último suspiro:

RIVAS Filla de puta...

SANTOS (A Rivas) Non se che ocorra morrer... ¿Oíches?

MARGA Hai demasiada xente aquí. Deixádea respirar.

De súpeto, Rivas comeza a convulsionar.

SANTOS ¡Non! ¡Rivas!

89.68. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, DIEGO, TOMÁS, QUIQUE, FIGURACIÓN (GARDAS CIVÍS)

Marga, Diego e Tomás saen da sala, afundidos. Quique e outros gardas agardan noticias fóra. Tomás nega coa cabeza, dando a entender que Rivas está morta.

Diego parece a piques de romper. Marga consólao cunha aberta, en silencio.

QUIQUE (Moi afectado) ¿Que facemos con Santos?

TOMÁS Deixádelle un momento.

89.67C. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, RIVAS

Santos péchalle os ollos a Rivas e senta ó seu carón. Afunde a cara nas mans, roto.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MONTAXE PASO DE TEMPO (VARIOS DÍAS)**PRINTER: "DÍAS DESPOIS"****89.69. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. DÍA (DÍA 2º)***MARGA, TOMÁS, QUIQUE*

Marga agarda a que Tomás remate de falar por teléfono.

TOMÁS Por suposto. (...) Moitas grazas.

Tomás colga. Marga esboza un sorriso triste.

MARGA Benvido de novo, meu tenente. É bo terte de volta.

TOMÁS Preferiría que fose por outro o motivo.

Marga asente, melancólica. Quique peta na porta. Leva un par de carpetas na man.

QUIQUE *(Serio)* ¿Teñen un momento?

TOMÁS Pasa, Enrique.

QUIQUE *(Entrando)* Temos unha identificación do home que apareceu na cova.

Pásalle a Tomás un informe. Nel vai unha fotografía de Lagares.

QUIQUE Trátase de Santiago Lagares Costa, un delincuente habitual relacionado con Estevo Pousada.

TOMÁS ¿Que tiña que ver con el?

QUIQUE Seguimoslle o rastro por unha transferencia bancaria que recibiu Lagares hai uns días. O pago foi efectuado por Estevo Pousada.

TOMÁS Iso proba que o tal Lagares era cómplice de Estevo.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

MARGA (Nega) Sigo pensando que Estevo non organizou todo isto. E Rivas intentou dicirnos algo antes de morrer.

TOMÁS Sei o que estás pensando pero non temos nada que conecte o secuestro cos crimes do carmín.

MARGA ¿Que pasa co outro home? O que fuxiu.

TOMÁS Pola descrición de Rivas pensamos que se trata de Afonso Barcala Neto.

Pásalle a Marga outro informe, máis avultado, coa fotografía de Afonso.

MARGA (Folleando o informe) Non é un santo, precisamente...

QUIQUE (Nega) Ten conexións co crime organizado.

TOMÁS (vendo o informe) Podería se-lo cerebro da operación. O seu historial criminal supera con moito ó de Estevo.

Dándolle peso á frase.

TOMÁS Isto explicaríaio todo.

De súpeto, ven a Diego entrar no cuartel.

TOMÁS (Sorprendido) ¿Que fai el aquí?

89.70. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 2º)

MARGA, TOMÁS, QUIQUE, DIEGO, FIGURACIÓN (GARDAS CIVÍS)

Por continuidade, Tomás, Marga e Quique saen do despacho. Diego adiántase ó que lle van dicir.

DIEGO Xa sei... Só pasei pra saber se houbo algún avance na investigación.

MARGA Os avances poden esperar. ¿Como estás?

DIEGO Fodido.

Pausa.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

DIEGO ¿Sábese... (*Fai unha pausa*) ...que lle pasou a Rivas?

TOMÁS O forense confirmou que foi envelenada. Aínda non determinou con que substancia.

DIEGO (*Triste*) Non merecía morrer así...

Afectado, Quique vai traballar á súa mesa.

QUIQUE Se me desculpan...

MARGA (*Preocupada*) Marcha pra a casa, Diego... Intenta descansar. Calquera cousa, chamámoste.

DIEGO Grazas...

Diego dispónse a marchar. Detense un pouco ó escoitar a Marga.

MARGA ¿Soubeches algo de Santos?

DIEGO (*Nega*) Nada. ¿Pensas que está tramando algo?

MARGA Non, é que me estrañou que non fose ó funeral.

TOMÁS Paréceme que Santos é dos que se enfrontan á dor doutra maneira...

AS DÚAS SECUENCIAS SEGUINTE VAN EN PARALELO:**89.71A. CARAVANA. EXT. DÍA (DÍA 2º)**

SANTOS

89.72A. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS

Na Caravana, Santos, cun aspecto lamentable, está sumido na súa propia miseria. Rodeado de cascallos, quedou durmido nunha cadeira, cunha botella de licor na man.

Un can¹⁴ vagabundo achégase e lámbelle a man. Santos esperta.

¹⁴ Prescindible.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

SANTOS ¿Que foi, compañeiro? ¿Queres un pouco?

Dálle de beber ó can da botella¹⁵.

SANTOS Ti si que sábe-lo que é bo...

Nese momento, escóitase o son apagado dun teléfono móbil que acaba de recibir unha mensaxe. Santos remóvese, incómodo: ten o teléfono debaixo do cu.

Cólleo, e está a piques de tiralo no monte de cascallos, cando algo chama a súa atención. A mensaxe só se compón da icona dun corazón, acompañada dun vídeo. Santos abre o vídeo e queda impresionado ó ver a Rivas.

Na Cova, Rivas fala á cámara. A mensaxe é o seu testamento vital, a súa despedida.

RIVAS Non sei como facer isto... Sei disparar, foder e beber pero falar de min mesma nunca foi o meu forte. Pero vouno intentar.

Na Caravana, Santos sorri ó escoitala, triste.

Na Cova:

RIVAS É posible que non saia desta. A miña xente vai face-lo posible por atoparme, pero non se pode salvar a todo o mundo. E está ben, non pasa nada... Non lle teño medo á morte.

As súas palabras seguen en off sobre as seguintes secuencias.

89.73. CUARTEL/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 2º)

(OFF RIVAS)

A cadeira de Rivas está baleira.

(OFF RIVAS) Forma parte do meu traballo, do que son. É o que ten ir detrás dos malos... Ás veces, tócache morrer.

¹⁵ Obviamente, o can non bebería licor.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.74. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 2º)

MARGA, QUIQUE, TOMÁS, (OFF RIVAS)

Quique está no panel a retirar as fotos do caso: o móbil de Rivas, as pisadas, unha foto dela. Non é quen de aturalo e rompe.

(OFF RIVAS) *Espero que a miña morte sirva pra que os meus compañeiros deteñan unha asasina. Confío neles. Son o mellor equipo que podería ter..*

Marga e Tomás achéganse a consolalo.

89.75. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 2º)

DIEGO, LUZ, (OFF RIVAS)

Diego bebe, loitando por conter as bágoas. Luz acaríñao, conmovida.

(OFF RIVAS) *E os mellores amigos. Tiven moita sorte de chegar a esta vila de tolos. É un lugar de xente rexa, bocalana e malencarada, tan testana como leal..*

Diego recibe unha mensaxe no seu teléfono móbil. É de Antía. Vemos na pantalla: "Sei polo que estás pasando. Se precisas calquera cousa, conta comigo".

89.76. RÚAS¹⁶. EXT. DÍA (DÍA 2º)

ANTÍA, (OFF RIVAS)

Antía garda o seu teléfono móbil. Sobe ó seu coche e arranca.

(OFF RIVAS) *Hai algo salvaxe nestas terras, algo primitivo. Por iso atrae a tódalas bestas..*

¹⁶ Ou calquera outro sitio neutro.

Finalista Mellor Guión Mestre Mateo 2018

89.72B. COVA. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

RIVAS

Volvemos con Rivas.

RIVAS Con todo, Serramoura méteseche debaixo da pel... Mesmo chegas a querela, contra todo sentido común. E eu arrepíntome de moitas cousas, pero nunca do que amei. Iso ninguén mo vai quitar nunca, nin sequera na tumba.

Rivas fai unha pausa, pensativa. Cambia de ton.

RIVAS Claro que igual sobrevivo, e despois vaime cae-lo puteo do século por culpa deste vídeo... Tanto ten: dixen o que penso. Coma sempre.

89.71B. CARAVANA. EXT. DÍA (DÍA 2º)

SANTOS

O vídeo finaliza. Na pantalla do móbil queda conxelado un fotograma de Rivas, cun sorriso desafiante. Santos deixa a un lado o teléfono e queda alí sentado durante uns instantes, sen dicir nada, sen reaccionar. A súa mirada é fría; o seu xesto, de puro odio.

FIN DO CAPÍTULO 89